



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIA


O 28 de xuño conmemórase cada ano o Día Internacional do Orgullo LGTBIA, e que en esencia sinala o respecto á dignidade de todas as persoas, a normalización das distintas orientacións sexuais, dos diferentes xéneros ou dos corpos con sexualidades non normativas.

Tal e como amosan nas súas reivindicacións as organizacións LGTBIA de Galicia, a situación derivada da pandemia tivo un impacto destacado neste colectivo, especialmente para a poboación trans que veu acrecentado o risco de exclusión social co que xa contaba antes da COVID-19. En consecuencia, e malia que as precisas medidas de seguridade non permitan encher rúas e prazas como de costume, faise máis preciso que nunca recalcar os compromisos das institucións democráticas por unha sociedade onde prime a igualdade de dereitos, a dignidade e o respecto para todas as persoas LGTBIA.

O Orgullo deste ano 2020 diríxese á loita pola igualdade das mulleres LBT co lema '**2020, Mulleres LTB: Sororidade e Feminismo**', e dende o Concello de Santiago queremos sumarnos a esta reivindicación dado que dentro do colectivo LGTBIA as mulleres están a ser as grandes invisibilizadas e nalgúns casos ata esquecidas. Nomeadamente, as mulleres transexuais son presas dunha dobre discriminación e desigualdade, por seren mulleres e trans, e atopan especiais dificultades á hora de incorporarse ao mercado laboral.

Non debemos permitir que se borre da memoria histórica do activismo LGTBIA a todas esas mulleres Lesbianas, Transexuais e Bisexuais que durante tanto tempo loitaron man a man cos seus compañeiros para conseguir unha sociedade na que todas as persoas tiveran dereitos e igualdade real. Non podemos esquecer a todas aquelas que foron perseguidas e represaliadas por iso, todas esas Elisas e Marcelas das que hoxe podemos sentir orgullo. Porque a loita LGTBIA non é máis que a loita pola consecución de dereitos plenos para todas as persoas, sen discriminación; a loita polo dereito a que cada persoa poida vivir a súa vida como desexa, sen etiquetas nin impedimentos.

Por todo isto, faise preciso traballar na nova realidade que chegou coa pandemia en aras de construír unha sociedade máis libre e igualitaria, que destrúa os estereotipos que acompañan ás persoas LGTBIA. Debemos facer transversal unha cultura da diversidade,



CONCELLO DE SANTIAGO

que asuma que a identidade e a orientación sexual non poden ser obxecto de discusión, estigmatización ou sinalización.

Así mesmo, cómpre reconsiderar o sistema normativo a fin de darlle pleno cumprimento ao mandato constitucional de igualdade, proscribindo toda discriminación por razón de xéneros, e por iso faise necesario actualizar, entre outras, a Lei pola Igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e considerar unha Lei Trans Galega.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2020

Gumersindo Guinarte Cabada

Portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Alejandro Sánchez-Brunete Varela

Portavoz do grupo municipal do PP

Martiño Noriega Sánchez

Portavoz do grupo municipal de CA

Goretti Sanmartín Rei

Portavoz do grupo municipal do BNG